

NOVA ESCOLA GALEGA APOIA A REVOLTA FEMINISTA DO DÍA 8 DE MARZO

O vindeiro 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, o movemento feminista, co apoio de organizacións e colectivos políticos, sindicais e sociais, convoca unha folga das mulleres que pretende poñer o foco de atención nos diferentes espazos nos que se produce a desigualdade: laboral, de coidados, de consumo e estudantil.

Unha convocatoria de denuncia fronte ás desigualdades, ás discriminacións e ás violencias estruturais que sufrimos máis da metade da poboación mundial, as mulleres. Unha convocatoria para a reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario, no que a educación está chamada a ofrecer alternativas concretas, alén da retórica habitual que rodea estes días singulares no calendario.

Nova Escola Galega fai público o seu apoio a esta convocatoria. Secundaremos a folga e acudiremos ás mobilizacións. Facemos un chamamento á participación de todas as mulleres nas diferentes iniciativas reivindicativas.

O modelo de escola pública galega promovido por NEG desde os seus primeiros documentos fundacionais recolle a aspiración a unha escola non sexista e coeducativa, que sexa quen de educar na superación dos estereotipos de xénero dominantes na sociedade. Consonte con este compromiso, ao longo da nosa traxectoria temos denunciado as políticas privatizadoras que alentan unha dobre rede educativa, e mesmo lexitiman e incentivan a existencia de centros que segregan ao alumnado en función do sexo. Alentamos distintas reflexións sobre a necesaria revisión dos tempos escolares en relación cos tempos sociais, dos proxectos educativos de centro e do curriculum baixo a perspectiva de xénero. Promovemos a elaboración de materiais educativos que superen as etiquetas sexistas e difundimos experiencias innovadoras neste ámbito coa intención de contribuírmos á reflexión colectiva e á formación docente.

Somos conscientes de que neste camiño hai moito por andar e que os retos educativos se multiplican e se fan máis complexos a esta altura do século XXI. Precísase, xa que logo, da visibilización do traballo coeducativo, ao que queremos contribuír coas nosas iniciativas. A este compromiso cotián queremos convocarvos tamén, para recoñecérmonos derrubando vellos valados e construíndo esa escola pioneira na igualdade.

[Manifesto](#)